

ACTA REUNIÓN COMISIÓN CONTROL PLANO PENSIONES UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Vicerreitor Economía

José Manuel García Vázquez

Xerente

Manuel Fernández Jáuregui

Profesor Dr. Titular de Universidade

Baltasar Manzano González (desculpa
asistencia)

Xefa Sección Formación e Acción Social

Marta Cogolludo Fernández (secretaria)

PARTÍCIPES

Juan José Santamaría Conde (non asiste)

Xosé Antón Vila Sobrino (desculpa
asistencia)

Aquilino S. Alonso Núñez (non asiste)

Cándido Pérez Betanzos

Luis J. Olivares Requejo

Acta da reunión da Comisión de Control do
Plano de Pensiones da Universidade de Vigo,
celebrada ás 10:05 horas do día 4 de xuño
de 2018, na sala I do Edificio Xerencia-
Servizos Centrais coa asistencia das
 persoas que se citan ao marxe e de acordo
coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Informe do Presidente da Comisión
de Control do Plan de Pensiones.
2. Informe económico financiero da
entidade xestora relativa ao estado
do Plan de Pensiones da
Universidade de Vigo.
3. Rogos e preguntas.
4. Lectura e aprobación da acta.

1. Informe do Presidente da Comisión de Control do Plan de Pensiones

O Presidente da Comisión informa que ten lugar esta reunión anual conforme o regulamento de
plan de pensiones e para informar da situación actual do plan de pensiones e da a palabra aos
representantes de Abanca; Don Miguel Rúa Cotelo e Don José Manuel Nogueira Durán.

2. Informe económico financiero da entidade xestora relativa ao estado do Plan de Pensións da Universidade de Vigo.

Analízase a evolución do Plan de Pensións no referente a patrimonio e rendibilidades.

A peche do mes de abril de 2018 a conta de posición do plan ascende a 14.275.672 € cun incremento sobre o 31/12/2017 do 0,83%.

En canto rendementos do plan ao 30 de abril sitúanse nun 0,92% de rendibilidade interanual fronte ao -0,04% da media do mercado segundo datos de Inverco.

Polo que respecta á rendibilidade obtida durante o primeiro cuadrimestre do exercicio 2018 alcanza un 0,48% mentres que o benchmark do Fondo ao que se adheriu o plan (Abanca Emprego, F. P.) sitúase nun 0,32%.

No referente a rendementos do plan a medio e longo prazo con datos actualizados ao 29 de maio de 2018, estes alcanzan un 3,56% TAE nos últimos 5 anos e un 3,61% TAE nos últimos 10, o que se traduce nunha rendibilidade acumulada do 19,15% a 5 anos e do 42,69% a 10 anos.

Así mesmo analízase a evolución dos datos macroeconómicos, a situación dos mercados financeiros e a composición da carteira do Fondo de Pensións, destacando o seguinte:

Elevada volatilidade nos mercados por diversos acontecementos xeopolíticos con especial incidencia nas últimas xornadas debido á inestabilidade política en Italia e España que repercutiu tanto no mercado de renda fixa polo aumento das primas de risco de ambos os países, como no mercado de renda variable polo recorte nas bolsas.

Posición conservadora do Fondo (22% en renda variable, 31% en renda fixa e 45% en tesourería ao 30 de abril) á espera de oportunidades nos mercados co obxectivo de protexer as ganancias obtidas nos últimos anos dos repuntes en tipos de interese, mantendo unha duración moi baixa na renda fixa e, en renda variable, ponderando Europa por encima de España con moi baixo investimento no sector financeiro e apostando por Compañías líderes no seu sector, con dispersión xeográfica, beneficios recorrentes, pouco apalancadas e bo goberno corporativo.

Unha vez remata da presentación por parte de Don Miguel Rúa Cotelo, quere manifestar como parte da entidade xestora o seu agradecemento a esta Comisión polo seu traballo, considera que o funcionamento é dun elevado nivel de esixencia como merece a entidade que representan.

3. Rogos e preguntas.

O Vicerreitor agradece o traballo dos membros da Comisión e dos representantes da entidade xestora, manifesta a excelente disposición desta Comisión e a súa boa predisposición ao traballo, anima a continuar traballando co seguinte equipo Reitoral.

Don Cándido Pérez Betanzos agradece o compromiso deste equipo Reitoral co traballo desta Comisión.

Don Luis Olivares recoñece o esforzo pola transparencia do equipo Reitoral, facendo licitación do plan de pensións.

O Vicerreitor quere manifestar que un dos obxectivos do equipo era facer unha xestión transparente e da por acadado este obxectivo.

Don José Manuel Nogueira Durán quere agradecer o excelente trato e a confianza coa entidade xestora, a pesar de que esta sufriu varios cambios de denominación.

4. Lectura e aprobación da acta

Sendo as 10:45 horas faise un descanso para redacción da acta, posteriormente dase lectura á acta que queda aprobada por unanimidade.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión ás 11:00 horas, do que como secretaria dou fe.

Vº e prace

Jose Manuel García Vázquez



A secretaria

Marta Cogolludo Fernández

